

PREMIO JESÚS GARCÍA CALVO DE INVESTIGACIÓN EN DESENVOLVEMENTO RURAL E COOPERATIVISMO

Entidades convocantes

O “Premio Jesús García Calvo de investigación en desenvolvemento rural e cooperativismo” é convocado conxuntamente, con carácter anual, polo Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da USC e a Fundación Feiraco.

Finalidade

Premiar aqueles traballos de investigación que contribúan ao mellor coñecemento e ao desenvolvemento do medio rural e o cooperativismo en Galicia, co obxectivo último de mellorar as actividades económicas e a calidade de vida da poboación rural.

Requisitos para concorrer

O Premio ten dúas modalidades:

- A. Textos (artigos, libros e capítulos de libros) publicados en revistas científicas ou en editoriais recoñecidas, ao longo dos dous anos anteriores ao prazo de presentación de candidaturas, e Teses de Doutoramento presentadas no mesmo espazo temporal.
- B. Traballos Fin de Máster e Traballo Fin de Grado presentados en calquera Universidade nos dous anos anteriores.

A temática debe estar relacionada co desenvolvemento do medio rural e/ou o cooperativismo en Galicia.

Os textos poderán estar redactados en calquera idioma.

Presentación de candidaturas

As candidaturas serán presentadas polos autores dende o 15 de outubro ata o 15 de novembro de 2014 na Secretaría do IDEGA en horario de 9 a 14 horas, ou ben enviadas por correo a: IDEGA – Avda. das Ciencias, Chalet nº 1 Campus Vida -15782 Santiago de Compostela.

A documentación presentada deberá incluír:

- O texto completo da publicación ou traballo de investigación indicando o autor ou autores en papel, así como tamén en formato electrónico.

Os membros do xurado poderán achegar tamén as súas propostas na xuntanza de constitución do mesmo.

Composición do xurado

O Xurado estará composto polos seguintes membros:

- O Reitor da Universidade de Santiago de Compostela ou persoa que o represente, que o presidirá.
- O Presidente da Fundación Feiraco.
- O Director do IDEGA.
- Un membro do Consello Científico do IDEGA, designado por este.
- Un membro designado pola Fundación Feiraco.
- Tres expertos de recoñecido prestixio no campo do desenvolvemento rural e o cooperativismo en Galicia, designados de común acordo entre o IDEGA e a Fundación Feiraco.

Resolución do Premio

O Xurado concederá o premio en cada unha das dúas modalidades establecidas, podendo este ser declarado deserto se a maioría considera que ningunha das candidaturas reúne o nivel necesario.

O fallo farase público antes do 20 de decembro de 2014

Dotación

- Modalidade A: 1.250€
- Modalidade B: 750€